REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 33735 (10/POC-005286)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o nomeamento da actual concelleira de Urbanismo de Tui para un posto de auxilio xudicial e o compromiso de investimento público na provincia de Pontevedra e, en concreto, nos concellos de Oia, Pontecesures, Sanxenxo e Tui
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

1.2 36078 (10/POC-005749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, así como a protección e a salvagarda do patrimonio cultural que custodia, e a posición defendida diante do Goberno arxentino ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

1.3 36351 (10/POC-005788)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da posta en marcha da aplicación informática EscApp para achegar información ás mulleres vítimas de violencia machista, os datos e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1255 (10/PNC-000119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciantes de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016

PARLAMENTO
DE GALICIA

2.2 32221 (10/PNC-002623)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

2.3 33232 (10/PNC-002719)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33735(10/POC-005286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o nomeamento da actual concelleira de Urbanismo de Tui para un posto de auxilio xudicial e o compromiso de investimento público na provincia de Pontevedra e, en concreto, nos concellos de Oia, Pontecesures, Sanxenxo e Tui

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:07
Nº Rexistro: 33735
Data envio: 24/07/2018 12:07:12.842

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O ano que vén hai eleccións municipais. Na provincia de Pontevedra, o 13 de novembro de 2015, o PP presentaba unha moción de censura en Oia e recuperaba a alcaldía. En 2016, previo ás últimas eleccións autonómicas, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, fusión que ía provocar alteración dos partidos xudiciais. O 10 de maio de 2016, o PP presentaba outra moción de censura en Pontecesures e recuperaba a alcaldía. En maio de 2017, o PP volvía á alcaldía de Sanxenxo tras firmar un chamado "pacto de goberno" coa formación Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) que encabezaba o que ata entón fora alcalde. Finalmente, o 17 de outubro de 2017, o PP presentaba unha moción de censura en Tui apostando así por un alcalde con só 2 concelleiros na corporación, polos 4 que ten o PP máis os 3 das súas escisións.

Este grupo parlamentario xa dixo no seu día que eran demasiados cambios en concellos da provincia de Pontevedra en menos de dous anos e que semellaba que se estaban a comprometer fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia con vistas as eleccións municipais do ano que vén. De feito, así se fixo en Tui, onde aquel acordo programático firmado por Cores Tourís en nome do PP comprometía ata fondos estatais e nestes días soubemos que, de forma indirecta, presuntamente fondos públicos puideron servir para chegar a aquela alcaldía: referímonos ao nomeamento da concelleira de Urbanismo para un posto de auxilio xudicial como interina sen estar na lista de interinos de Galicia e con menos puntuación que outros compañeiros.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 12:07
Nº Rexistro: 33735
Data envio: 24/07/2018 12:07:12.842

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego ante o nomeamento da actual concelleira de Urbanismo de Tui para un posto de auxilio xudicial como interina sen estar na lista de interinos de Galicia e con menos puntuación que outros compañeiros?
2. Ten comprometido o Goberno fondos públicos para provocar cambios políticos na provincia de Pontevedra?
3. Existiron eses compromisos de investimento nos concellos de Oia, Pontecesures, Sanxenxo e Tui?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/07/2018 12:04:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/07/2018 12:04:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/07/2018 12:04:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/07/2018 12:05:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 36078(10/POC-005749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, así como a protección e a salvagarda do patrimonio cultural que custodia, e a posición defendida diante do Goberno arxentino ao respecto

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:33
Nº Rexistro: 36078
Data envio: 06/09/2018 13:33:12.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a situación que atinxe o Centro Galego de Buenos Aires e as medidas que ten adoptado a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde finais do pasado ano 2017 a situación económica do Centro Galego de Buenos Aires (CGBA) sitúa nun futuro incerto esta entidade, emblema da diáspora galega e con ela o patrimonio cultural –material e inmaterial, que garda e os servizos sanitarios que presta a milleiros de persoas.

Durante este tempo diversas foron as instancias que reclamaron a implicación da Xunta de Galiza na salvagarda do CGBA, desde as persoas asociadas a el a múltiples organizacións, entidades, asociacións, institucións e persoas a título individual que se adheriron –entre elas o Parlamento de Galiza, ao manifesto Salvemos o Centro Galego de Bos Aires.

Así mesmo, o Consello da Cultura Galega publicou un informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do CGBA no que lembra a obriga legal da Xunta de Galiza na protección e salvagarda do patrimonio cultural que custodia o centro de acordo co estabelecido na Lei 7/2013 da galeguidade e na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza.

Porén, o tempo transcorre e as solucións non chegan.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:33
Nº Rexistro: 36078
Data envio: 06/09/2018 13:33:12.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza para garantir o futuro do CGBA e a protección e salvagarda do patrimonio cultural que custodia esta emblemática institución da diáspora galega na Arxentina?

- Que actuacións prevé levar a cabo no futuro máis inmediato?

- Ten abordado esta situación o Goberno galego co Goberno arxentino?

- De ser así, que posición ten defendido o executivo galego?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:33
Nº Rexistro: 36078
Data envio: 06/09/2018 13:33:12.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:30:25

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:30:30

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:30:33

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:30:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:30:36

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:30:38

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 36351(10/POC-005788)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da posta en marcha da aplicación informática EscApp para achegar información ás mulleres vítimas de violencia machista, os datos e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36351
Data envio: 11/09/2018 19:02:00.395

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Xunta de Galicia, a través da Secretaria Xeral de Igualdade, puxo en marcha a aplicación EscApp para achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións.

Pasado xa un tempo razoable, dende que botou a andar esta, consideramos necesario que se faga unha avaliación para ver como está funcionando e avaliar, se fora preciso, mellorar algunhas cuestións.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Fíxose algunha, ou plantéxase facer, avaliación da aplicación EscApp?

2. Cantos homes e mulleres descargaron a aplicación ata o momento?

3. Valórase incorporar algún recurso máis a esta?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36351
Data envio: 11/09/2018 19:02:00.395

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/09/2018 18:41:35

Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 18:47:06

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1255(10/PNC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciantes de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1255
Data envio: 16/11/2016 18:52:09.493

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodriguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Na súa intervención no Debate de Investidura o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sinalaba:

Como as paixóns humanas están distribuídas aleatoriamente, que diría Malthus, temos que crear os marcos e instituír os incentivos que transformen os vicios privados en virtudes públicas. Vostede esqueceu a exemplaridade pública nas dúas horas de discurso. Desapareceron os problemas de corrupción?

Converta a transparencia nun principio eficaz de comportamento, cunha lei de acceso e transparencia de inspiración nórdica. Creando un rexistro de intereses para os lobbies. Creando unha oficina antifraude e protexendo aos denunciantes internos para atallar a corrupción.

Durante a V Conferencia da ONU contra a corrupción, celebrada en Panamá en novembro de 2013, a corrupción foi dimensionada non só como un problema que afecta aos países en desenvolvemento, se non como unha preocupación global, un dos maiores desafíos aos que se enfronta a comunidade internacional, un perigo común que require dos gobernos medidas más axeitadas e eficaces para ser erradicado.

Na investigación elaborada polos expertos internacionais Franz Chevarría e Martha Silvestre, a corrupción ameaza o desenvolvemento económico e social ao limitar o investimento e os recursos dispoñibles para as políticas públicas, distorsionando a asignación de fondos e as prioridades. Ademais, socava de maneira importante a confianza da cidadanía nas institucións democráticas e contribúe á inestabilidade política.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1255
Data envio: 16/11/2016 18:52:09.493

Segundo o Foro Económico Mundial, o custo da corrupción equivale ao 5 % do PIB global e incrementa os custos de facer negocios nun 10 %. O Banco Mundial estima que o diñeiro pagado en sobornos polas empresas privadas ao sector público, tanto en países ricos coma en países en desenvolvemento, supón un billón de dólares ao ano.

A loita contra a corrupción tense convertido tamén nunha das prioridades da Unión Europea. Como alertaba a comisaria de Interior da UE, Cecilia Malmström, nunha conferencia en Gotemburgo en marzo de 2013, preto de 120.000 millóns de euros se perden cada ano por culpa da corrupción nos 27 estados membros da UE, o que equivale ao orzamento total da Unión. Os europeos son ademais plenamente conscientes: 3 de cada 4 consideran a corrupción como un gran problema para o seu país e case a metade percibe que a corrupción se incrementou nos últimos tres anos.

Ao igual que noutras rexións do mundo, hoxe en día asistimos a un crecente recoñecemento desde os gobernos de América e da Unión Europea de que a loita contra a corrupción non pode estar centrada só no papel dos servidores públicos, se non que require a corresponsabilidade entre todos os actores da sociedade. Neste sentido, a denuncia de actos de corrupción e a protección de denunciantes son dúas das ferramentas clave na promoción da rendición de contas gobernamental e privada.

Para que os cidadáns exerzan o seu dereito precísase un cambio cultural nas organizacións, e que os denunciantes sintan que a súa confidencialidade e protección fronte a posibles represalias e accións discriminatorias estea garantida.

Evidentemente España non é allea a esta problemática ética, social e económica. Tampouco, por suposto, Galicia. O noso país, por desgraza, ten sobrados e recentes exemplos de prácticas flagrantes de corrupción e fraude, con implicación tanto de axentes públicos como privados. Sería longo relacionar a serie de casos que estamos a contemplar todos os días nos medios de comunicación e nos xulgados. No último barómetro do CIS (outubro 2016), a corrupción e a fraude é, tras o paro, o segundo maior problema actual que existe en España.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1255
Data envio: 16/11/2016 18:52:09.493

No dereito dos Estados Unidos e noutros países anglosaxóns advírtese desde hai unhas décadas a tendencia a fomentar a conduta daqueles suxeitos dispostos a revelar a comisión de actuacións ilícitas no seo da empresa para a que traballan ou, no caso de empregados públicos, da administración: os denominados "*whistleblowers*"

Esta figura xa existe en países que si teñen protección ao denunciante como Canadá, Estados Unidos, Bélxica, Francia (unha comisión do Senado francés empezou en xuño deste ano a estudar o proxecto de lei "Sapin 2", que outorga protección legal aos denunciantes), Noruega, Romanía, Holanda o Reino Unido; e en Alemaña, Suíza e Eslovenia está a punto de se aprobar.

As diferentes organizacións independentes que están a promover con progresiva intensidade este mecanismo de loita contra a corrupción e a fraude son partidarias de crear normativas que proporcionen protección eficaz para quen filtre información de interese xeral, como xesto da súa conciencia cidadán e, a miúdo, asumindo riscos persoais. Esta lexislación debe de establecer un mecanismo de protección para todos os denunciantes, independentemente do tema ao que se refiran as súas revelacións.

A denuncia das prácticas corruptas é unha obriga cidadá, non obstante os custes persoais, sociais e laborais que poden asumir as persoas denunciantes fan que a dita actitude constitúa un esforzo desmedido de valentía ligado a posibles represalias. Este feito desincentiva un dos controis primarios que a Administración debe incentivar, o dos propios empregados públicos ou privados que son coñecedores de prácticas reprochables.

Por iso, as organizacións promotoras consideran preciso que este novo marco normativo a impulsar recolla unha serie de garantías imprescindibles: liberdade de expresión, confidencialidade e protección da identidade, continuidade na súa carreira profesional e tranquilidade psicolóxica e persoal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1255
Data envio: 16/11/2016 18:52:09.493

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que articule os instrumentos e modificacións lexislativas pertinentes que doten Galicia dun verdadeiro sistema integral de protección ao denunciante de prácticas corruptas, ilícitas e fraudulentas, tanto no eido público coma privado, coas necesarias garantías de confidencialidade, protección da identidade e da tranquilidade laboral e persoal.

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/11/2016 18:50:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/11/2016 18:50:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2016 18:50:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2016 18:50:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 32221(10/PNC-002623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre ocupación simbólica do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

2. No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;

- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;

- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e

- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

3. Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

4. Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é *'igual para todos'* -como sempre predican-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Apoiar as iniciativas que deben realizar as institucións públicas para a recuperación dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega."

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 13:26:14

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 13:26:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32221
Data envio: 11/06/2018 13:26:50.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 13:26:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 13:26:22

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 13:26:23

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 13:26:26

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 33232(10/PNC-002719)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33232
Data envio: 06/07/2018 13:17:02.312

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das principais angustias das mulleres nos procedementos instados por violencia de xénero é non cruzarse cos seus agresores, especialmente nos corredores dos xulgados nos actos da vistas, no mesmo acto de declarar para non ser intimidadas visualmente.

As/ os menores vítimas e testemuñas do proceso de violencia tamén son obxecto dos ataques en moitas ocasións.

Os xulgados de violencia convertéronse no foco de incidentes entre as partes, onde os agresores e os seus familiares e amigos exercen ou tratan de exercer máis violencia contra as denunciantes, o cal obriga a reforzar a vixilancia policial.

Esta medida de reforzamento policial non impide a intimidación e a inquedanza das mulleres dos menores nos momentos das vistas, e o temor de atoparse. Fan falta instalacións que permitan o acceso de xeito gradual, dependencias nas que agardar cuns servizos mínimos, e que impidan que denunciantes e denunciados se crucen, así como salas específicas para as testemuñas. Instalacións actualmente existentes, como a dos Xulgados de Vigo, están expostas a estas situacións, que non poden agardar pola apertura de novos edificios xudiciais, pois

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33232
Data envio: 06/07/2018 13:17:02.312

entre tanto as mulleres vítimas destas violencias sofren día a día este sufrimento adicional, e para elas a reforma chegará tarde. Precisan unha actuación urxente.

É necesario reformar o deseño das instalacións xudiciais para habilitar salas específicas para os denunciados.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Reformar as instalacións xudiciais existentes no noso País, para que estas conten con dependencias separadas para que denunciantes e menores, denunciados e familiares non se crucen.

2.- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes.

3.- Habilitar dependencias de agarda para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:16:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33232
Data envio: 06/07/2018 13:17:02.312

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 13:16:15

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:16:20

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:16:23